



# BIBLIOTECA VIVENTE "Grandes Tesouros"

Do 15 ao 17 de abril de 2015





## Con dous cornos na testa

Eu fun herdeira diso. Xa o meu avó falaba co lobo, por iso eu non lle tiña medo. Nin tampouco aos aparecidos, nin aos inminentes defuntos que viñan avisar da súa morte. Eu era así de nación. - *Mira, tes coma min* - dicía a avoa tocándome con dous dedos os dous lunares, que cal cornos, tiña e teño na testa- *xa os tiña miña nai, a mais a túa*- cos mesmos dedos que sinalara os meus lunares sinalaba os seus agora- *Isto moito sentidiño che é, moito sentidiño, que nós vemos máis cós demais*- e dicir non dicía mentira ningunha- *e non se pode ir contra iso, nena, ten conta*- dicía apuntándome co dedo.

Eu vía o que ninguén vía e contaba o que ninguén contaba, mais ninguén me vía a min, o poder que eu tiña. Nin os meus pais, esas figuras con maletas, me quixeron ver, e mandáronme a servir aos señoritos: eu tiña que ser a que eles pensaban que tiña que ser. E fuxín, fuxín de quen eu tiña que ser para buscar quen eu era. Boteime a andar mundo e descubrín o poder de converterme noutros seres, e aínda que me perdín nun universo de apócemas que me nubron o horizonte, dei con meigas doutras latitudes que me aprenderon a usar o meu poder, e así foi como souben do camiño de volta á casa.

Fuxín para atoparme. Perdinme e guiáronme os dous cornos que tiña na testa. Mira, velos?



## La clau de les meravelles

Fun a aquela casa aínda sen saber moi ben a onde ía, levada pola ansia de buscar mellor fortuna. Só sabía dela de oídas pero o que alí atopei nunca o tería imaxinado.

Curiosa e decidida chanteime diante da súa entrada. Ante min, un longo corredor cunha chea de portas a ambos lados, cada unha delas cunha pechadura sen chave para a abrir e unha ventaniña para axexar. Avancei con paso ansioso parando en canta porta había, ollando por cada ventaniña, tentando en van abrir cada unha delas. En cada porta que miraba vía unha marabilla, e cada marabilla que vía máis marabillosa ca anterior era, e canto máis miraba máis quería ver. Ata que xa non me chegaba con ver: quería entrar, quería tocar, quería cheirar, quería sentir... Precisaba a chave que abrise aquelas portas!

Sospeitaba que podía estar alí, no fondo daquel corredor, só tiña que percorrer o camiño ata ela. Avancei con paso firme e un pequeno brillo chamou a atención dos meus ollos... Aí a estaba: medio agochada, desgastada, vella, pero relucente. Con aquela chave dourada abrín a primeira porta, detrás viñeron as outras. En canto atravesei a soleira souben ao instante que xa nada ía ser igual, que xa non había volta atrás: aquela casa atrapárame.



## Seis asasinados, cinco viúvas e vinte orfos

E se a túa vida non é como cha contaron? E se descubres que teu pai, que morrera cando eras pequeno, realmente foi asasinado? Por que escoitas dicir que “era dos malos”, cando sabes que non é certo? Coas seis mortes de Alcabre quedaron vinte orfos que viviron nunha mentira. Pero houbo xente capaz de desmontar a historia tal e como lla contaron, e reconstruíla a partir da verdade.



## Na gamela co asasino

O coche “pantasma” de Montenegro percorría Bouzas amparado pola nocturnidade. Nas cunetas aparecían os cadáveres de líderes sindicais, agraristas, intelectuais de esquerda, mestres, xentes que defendían os dereitos dos máis pobres. Logo dunhas negociacións nas que se conseguiran certas melloras para os mariñeiros de baixura, o coche circulou máis ca nunca. Chegaron entón tempos de nais a choraren continuamente e incapaces de responder as preguntas dos fillos. Tal foi o medo e o silencio nas familias, que se navegaba en gamela co asasino do propio pai sen sabelo. Tiveron que pasar moitas décadas, e mesmo pór un Océano polo medio, para que un día, no Brasil, o protagonista desta historia chegase a coñecer a verdade.



## Cando as formigas soñan coa música

A súa voz é unha das grandes sorpresas do novo panorama musical. Con estilo propio e bebedora das músicas populares do mundo enteiro, a gañadora do Certame de Canción de Autor comeza con este traballo a súa carreira discográfica. No seu disco recentemente editado, esta novísima moza amosa as súas habilidades como compositora e intérprete con interesantes composicións de hoxe para mañá, reflexivas e relucindo destreza literaria. Letras de calidade nas que o lirismo non esquece cuestións de xénero e sociais arroupadas por unha coidada ambientación musical que amosan o potencial desta nova creadora.

Comedora de caldo e amante das palabras e melodías que a converten nunha fiandeira fina, exuberante, audaz, sutil, comprometida sen evidencias e cun prodixioso talento natural para facer coplas e cancións.



## Arremangar as saias e loitar

Cinco xuntanzas diarias...

...e ti a que vas aí?...

Deitarse na estrada para evitar novas mortes...

...estades tolas...

Facer cen tortillas, vender mil rifas, para xuntar peseta a peseta...

...e a min quen me fai a cea?

As veciñas en pé de guerra...

...vós que saberedes...

'A Bouza é nosa!...

...lávame a roupa...

Mulleres liberadas que viaxan polo mundo...

...onde ides ir vós, oh!?...

Batallas para conseguir escolas para os fillos...

...ti non vales para nada...



## Gaudeamus igitur. Venceremos nós!

1965. Pontevedra. Estudante instituto: rebeldes, subversivos, falar unha lingua prohibida, e... **VENCEREMOS NÓS!**

1968. Compostela. 3º ano de carreira: decanos autoritarios e déspotas cómplices dunha ditadura opresora, dereitos dos estudantes confiscados, botar panfletos a voar convocando asembleas clandestinas, extraordinaria solidariedade entre facultades, 90% do alumnado universitario en folga, estudantado en pé, resistencia pacífica, máis de 200 estudantes encerrados 3 días na facultade, descomunais e violentas cargas policiais, e... **VENCEREMOS NÓS!**

1971. Madrid. Mestre literatura: control de ideas, espías nas aulas, roubos encubertos, vixías de ideas, despedimentos improcedentes, alumnos dun instituto enteiro rompen as cadeas, érguense e maniféstanse, e... **VENCEREMOS NÓS!**

1978. Vigo. Fútbol e literatura: máis de 30 anos preparando mentes críticas, educando no traballo en equipo, ser cultos para ser libres... e hoxe, 3 xeracións de material altamente manipulable, e ... **VENCEREMOS NÓS?**





## Investigando ando

*Un pai e o seu fillo sofren un grave accidente de tráfico a medio camiño entre Vigo e Santiago de Compostela, a onde se dirixían a pasar as festas. O pai morre no acto e o fillo é trasladado de urxencia a un hospital compostelán. Ao chegar a urxencias, os médicos dánse conta da gravidade do seu estado e, aínda que conseguen estabilizalo, non saben como lle salvar a vida á criatura, polo que deciden consultar a unha eminencia na materia para que os asesore. Ante a gravidade da situación e a imposibilidade de trasladar ao neno, a eminencia decide desprazarse ata o hospital compostelán. Logo de que os médicos lle expuxesen o cadro clínico do doente, preguntanlle:*

*- Será vostede capaz de salvalo?*

*Ao que lle contesta:*

*- Como non vou tratar de facelo se é o meu fillo?*

**Como é isto posible?**

# A NAI QUE ME PARIU

AGORA COMEZO EU  
VIVA O MEU ATREVEMENTO,  
ONDE NON SON COÑECIDO  
TOMAREI COÑECEMENTO.

SONVOS DE TERRA ALLEA,  
NUNCA VISTES TAN BO GALÁN.  
TEN QUE VIR UN DE FÓRA  
APRENDERVOS A CORTAR O PAN.

E HABERÁ QUEN SE OFENDA  
E SE QUEIRA REVIRAR.  
AQUÍ O ESTOU ESPERANDO  
VEÑA QUEN ME FAGA CALAR!


VIVA A NAI QUE ME PARIU  
QUE AO MUNDO ME BOTOU,  
SE QUERES SAÍR ESCALDADO  
AQUÍ TES A OCASIÓN.



## Non dar puntada sen fío

Primeiro doulle unhas puntadas co primeiro fío que me vén ás mans. Penso na chamada de onte... *Quen me vería a min facéndolle vestidiños na pasarela Gaudí!* Coso con punto frouxo, que logo é malo de sacar. *Mira que están escuchimizadas: vara e media de tea dáme para lle facer sete vestidos...* Enfío a máquina con fío negro, do bo... *Pois ter que marchar para Barcelona...* Alí non vou poder tocar a pandeireta... Doulle con brío aos pés, a máquina bule que mete medo... *E seica terei catro xefes...* Remátolle o forro... *E os catro hanme pedir catro vestidos cada un, e han querer levar eles o mérito!* Córtolle o rabiño que sobra do fío e listo! Outra saia de tubo negra para veciña... *Buf! Sáenme as saias de tubo polas orellas!* A esta fíxenlle un bordadiño negro na cintura. Este outono seica se van levar os tons terra, cortes rectos e limpos de inspiración renacentista. *Pois érase boa! Imos deseñar todos o mesmo!* Empaqueto a saia ben empaquetadiña... Soa o teléfono outra vez: “- Si? Que se lle podo facer cinco deseños para mañá?” *Pero estes deben pensar que eu cago deseños...* Colgo e pónome a debuxar...

*E marcharei? Deixarei de ser modista para ser deseñadora de moda?*



## Tres estaciones nun só día

Nova Iorque, Norfork-Virginia, Halifax-Canadá, Saint Pierre, Saint John, Groenlandia, Baffin, Illas Svalbard, Islandia, Ceuta, Tanxer, Casablanca, Agadir, Safi, Río de Ouro, Cabo Verde, Port Praia, Canarias, Recife, Río de Janeiro, Río Grande do Sur, Porto Alegre, A Paloma, Montevideo, Punta do Leste, Quequén, Ushuaia, Punta Arenas, Malvinas, Illas Sandwich, Illa Rei Jorge, Illas Shetland, Antártida, Punta Delgada, Illas Azores, Walvis Bay, Namibia, Cidade do Cabo...

Desde Bouzas, ata a fin do mundo. Quen llo ía dicir a el? De axudar na gamela a capitanear un gran buque. Toda unha vida navegando por un Atlántico cheo de perigos, de oeste a leste e de norte a sur. Mil e unha aventuras que contar de longos días nos que era posible vivir o outono, o inverno e o verán en tan só uns minutos.

CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



  
VIGO  
EN GALEGO

